



TERCEIRA ACTA DA XUNTA ELECTORAL-REUNIÓN EXTRAORDINARIA

No CPI Terras de Maside, sendo as 13:45 horas do día 26 de novembro de 2021, reúnense as persoas que máis abaixo se relacionan, todos eles membros da **XUNTA ELECTORAL EN SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE** para tratar os seguintes temas:

Orde do día:

RECLAMACIÓN ELECCIÓN PAIS/NAIS

*No día de onte 25.11.21 recibíuse no centro reclamación presentada por **Rubén Freire Bermúdez** candidato no apartado de representante dos pais/nais/titores/titoras ás eleccións ao Consello Escolar no sentido de que houbo un erro na votación por unha mala interpretación do decreto 7/1999 polo que na papeleta só se podería marcar un candidato en vez de dous, e segundo aparecía na papeleta si se podía.*

Ao sentirse perxudicado por este erro, solicita a repetición das eleccións no apartado de representación dos pais/nais/titores/titoras.

Unha vez estudiada a reclamación e considerando que houbo un erro involuntario, na interpretación do citado decreto.

ACÉPTASE A RECLAMACIÓN E CONVÓCASE OUTRA VEZ AOS PAIS/ NAIS/ TITORES/ TITORAS.

Debido a que ese día só hai ese proceso electoral e entendendo que desta maneira poden exercer máis persoas o dereito a voto, adiántase o horario para que os pais/nais/ que veñen recoller os seus fillos poidan exercer o seu dereito sen ter que volver dos domicilio.

Tendo en conta o anteriormente citado.



CONVOCAMOS XORNADA ELECTORAL PARA ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS/TITORES/TITORAS AO CONSELLO ESCOLAR DO CPI. TERRAS DE MASIDE EN HORARIO E DÍA QUE A CONTINUACIÓN SE RESEÑA:


Día: 01.12.21- Mércores
Hora: 15:45 a 18:00
Lugar: CPI. TERRAS DE MASIDE

Os membros da mesa electoral seguen a ser os mesmos da convocatoria anterior

E sen máis asuntos que tratar, o Presidente da Xunta Electoral levanta a sesión ás 13:00 horas da data ó principio mencionada, convocando a próxima reunión para o día 2 de decembro ás 15:30. do que como Secretaria dou fe

O presidente,



Luis Veloso Rodríguez


Francisco Losada Velle



Os vogais

A secretaria, *


Marina González Cuiñas


María Teresa Caderno Des

Camila Botana Álvarez

